



Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 373 - Fax: 881 996 374
E-mail: fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal



**PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA
(EXERCICIO 2021)**



INDICE

1. Antecedentes.....	3
2. Persoas destinatarias.....	4
2.1. Identificación dos destinatarios. Criterios para a súa incorporación.....	4
2.2. Outras exclusións.....	16
3. Dotación orzamentaria.....	16
4. Tramitación: convenios de patrocinio.....	17
4.1. Características particulares do Plan:.....	17
4.2. Prestacións publicitarias:.....	19
4.3. Responsabilidades:.....	23
4.4. Imaxe do plan.....	24
5. Vixencia dos patrocinios.....	24
6. Documentación a presentar polas Entidades.....	24
6.1. Forma de presentación.....	24
6.2. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.....	24
6.3. Comprobación de datos.....	25
7. Prazo de presentación.....	26
8. Emenda de erros.....	26
9. Notificacións.....	26
10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.....	27
11. Transparencia e bo goberno.....	27
12. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.....	28
12.1. Primeira liña: patrocinio liña específica Xunta de Galicia, Deporte Galego e Axencia Turismo de Galicia - Xacobeo.....	28
12.2. Segunda liña: patrocinio liña específica ABANCA.....	41
12.3. Importe patrocinio total.....	44
13. Resolución do patrocinio.....	45
14. Aceptación do patrocinio.....	45
15. Nova resolución se algunha entidade renunciara ao patrocinio.....	45
16. Formalización do patrocinio.....	46
17. Fórmula de pago.....	46
18. Emenda da documentación xustificativa.....	47
19. Penalizacións.....	47
20. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.....	48
21. Actuacións de control por parte da Fundación.....	49
22. Información para os patrocinadores.....	49

1. Antecedentes

A Fundación Deporte Galego é unha entidade de natureza fundacional do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrita ao Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Conforme aos seus Estatutos, a Fundación ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.

Entre os seus fins e segundo o artigo 6. dos seus estatutos a Fundación asume:

- a) “O fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia”.
- b) “Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as”.
- c) “Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins”.

Na consecución destes obxectivos fundacionais, a Fundación pon en marcha a XII Edición do Plan de Patrocinio dos Equipos de alta competición de Galicia, neste caso, para o Exercicio 2021 **co código de procedemento PR960A**.

Esta iniciativa, que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos. Tal foi o caso de Abanca Corporación Bancaria S.A. (ABANCA), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste plan no ano 2015.

Tras tempadas de traballo, logrando dos clubs un grande retorno publicitario en todo o territorio galego, estatal e incluso a nivel internacional, cunha presenza permanente da imaxe deste Plan de Patrocinio nos medios de comunicación, nos espazos deportivos, e nas redes sociais, incorpórase nesta convocatoria a Axencia Turismo de Galicia-Xacobeo.

No ámbito do acordo de colaboración para a promoción de actividades deportivas entre a Axencia Turismo de Galicia e a Secretaría Xeral para o Deporte, establécese como obxectivo a promoción de actuacións conxuntas que redunden na promoción nacional e internacional de Galicia e do Ano Santo Xacobeo 2021, a través do deporte. Dita colaboración concrétese a través deste Plan de Patrocinio entre outras actuacións, para a promoción da marca Xacobeo Galicia 2021.

Este patrocinio supón a consideración de ABANCA e da AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO como patrocinadores oficiais do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA e da AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO.

Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para este ano 2021, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego, para poñer en valor a importancia do deporte como medio de fomento da actividade física e como ferramenta de promoción da nosa cultura e da nosa oferta de turismo activo.

2. Persoas destinatarias.

2.1. Identificación dos destinatarios. Criterios para a súa incorporación.

Poderán formalizarse convenios de patrocinio aquelas con entidades que contén con equipos que compiten en modalidades/especialidades deportivas de máximo nivel estatal en categoría absoluta/sénior e/ou previa á absoluta e que se atopan nalgún dos seguintes grupos de patrocinio segundo as características da competición sinaladas a continuación:

GRUPO 1
CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN
<ul style="list-style-type: none">• Liga regular por equipos de 1º ou 2º ou 3º máximo nivel de ámbito estatal.• Só de categoría absoluta/sénior.• Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.• Desenvolvida en 3 ou máis xornadas⁽¹⁾.• Con xornadas de ida e volta ou con xornadas como local e visitante.• Con 5 ou máis deportistas no espazo de competición⁽²⁾.• De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas⁽³⁾.
<p><i>(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.</i></p> <p><i>(2) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).</i></p> <p><i>(3) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data</i></p>

de tramitación dos convenios.

QUEDAN EXCLUÍDOS

- Os equipos que participen en competicións recoñecidas polo Consello Superior de Deportes como Ligas Profesionais: Ligas de 1ª e 2ª división de fútbol e Liga ACB de baloncesto.
- Os equipos participantes en competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos tres anos.
- Os equipos participantes en competicións de 3º máximo nivel de ámbito estatal que se atopen nalgún dos seguintes supostos:
 - Que sexan de modalidades/especialidades NON olímpicas/paralímpicas ⁽³⁾.
 - Que non se acceda por ascenso de nivel, do 4º ao 3º, senón por inscrición libre.
 - Que non participen equipos de máis de 2 comunidades autónomas.

GRUPO 2

CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN

- Liga regular por equipos de 1º ou 2º máximo nivel de ámbito estatal.
- Só de categoría absoluta/sénior.
- Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.
- Desenvolvida en 3 ou máis xornadas⁽¹⁾.
- Con xornadas de ida e volta ou con xornadas como local e visitante.
- Con 4 ou menos deportistas no espazo de competición⁽²⁾.
- De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas⁽³⁾.

(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.

(2) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).

(3) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.

QUEDAN EXCLUÍDOS

- Os equipos participantes en competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos tres anos.

GRUPO 3

CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN

- Liga regular por equipos de 1º ou 2º ou 3º máximo nivel de ámbito estatal.
- Só de categoría absoluta/sénior.
- Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.
- Desenvolvida en 3 ou máis xornadas⁽¹⁾.
- Con xornadas desenvolvidas por sedes ou por concentracións ou por probas ou por campionatos⁽²⁾.
- Con 5 ou máis deportistas no espazo de competición⁽³⁾.
- De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas⁽⁴⁾.

(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.

(2) Os equipos identificados en este grupo de patrocinio estarán obrigados a competir en todas as xornadas/probas/campionatos que conforman a competición, participación que deberán de xustificar a través dunha certificación federativa no momento da presentación da documentación xustificativa para o cobro do 2º prazo.

(3) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).

(4) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.

QUEDAN EXCLUÍDOS

- Os equipos participantes en competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos tres anos.
- Os equipos participantes en competicións de 3º máximo nivel de ámbito estatal que se atopen nalgún dos seguintes supostos:
 - Que sexan de modalidades/especialidades NON olímpicas/paralímpicas ⁽⁴⁾.
 - Que non se acceda por ascenso de nivel, do 4º ao 3º, senón por inscrición libre.
 - Que non participen equipos de máis de 2 comunidades autónomas.

GRUPO 4

CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN

- Liga regular por equipos de 1º ou 2º máximo nivel de ámbito estatal.
- Só de categoría absoluta/sénior.
- Con ascensos e descensos de nivel segundo regulamento de competición.
- Desenvolvida en 3 ou máis xornadas⁽¹⁾.
- Con xornadas desenvolvidas por sedes ou por concentracións ou por probas ou por campionatos⁽²⁾.
- Con 4 ou menos deportistas no espazo de competición⁽³⁾.
- De modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas ou non olímpicas/paralímpicas⁽⁴⁾.

(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.

(2) Os equipos identificados en este grupo de patrocinio estarán obrigados a competir en todas as xornadas/probas/campionatos que conforman a competición, participación que deberán de xustificar a través dunha certificación federativa no momento da presentación da documentación xustificativa para o cobro do 2º prazo.

(3) Fai referencia ao nº de deportistas que compiten de forma simultánea no espazo de competición e que está regulado regulamentariamente pola federación deportiva ou pola entidade organizadora da competición (exemplos: fútbol – 11, béisbol – 9, voleibol – 6, piragüismo sprint – 4, bádminton – 2, atletismo – 1, etc.).

(4) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.

QUEDAN EXCLUÍDOS

- Os equipos participantes en competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos tres

GRUPO 5

CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN

- Liga regular e/ou ranking/clasificación por equipos de máximo nivel estatal.
 - Terán consideración de 1º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso quedaran clasificados entre o 1º e o 10º posto, ambos incluídos, para competicións onde participen máis de 20 equipos.
 - Terán consideración de 2º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso quedaran clasificados entre o 11º e o 20º posto, ambos incluídos, para competicións onde participen máis de 20 equipos.
 - Terán consideración de 3º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso quedaran clasificados entre o 21º e o último posto, ambos incluídos, para competicións onde participen máis de 20 equipos.
 - Terán consideración de 2º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso estiveran clasificados en competicións onde participen menos de 21 equipos.
 - Terán consideración de 3º máximo nivel os equipos que na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria en curso estiveran clasificados en competicións onde participen menos de 11 equipos.
- Só de categoría absoluta/sénior.
- Sen ascensos e descensos de nivel.
- Desenvolvida en 3 ou máis xornadas⁽¹⁾⁽²⁾.
- Só de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas⁽³⁾.

(1)(2) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.

Os equipos identificados en este grupo de patrocinio estarán obrigados a competir en polo menos 3 das

xornadas/probas/campionatos que conforman a competición fora de Galicia, participación que deberán de xustificar a través dunha certificación federativa no momento da presentación da documentación xustificativa para o cobro do importe total resolto.

(3) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.

QUEDAN EXCLUÍDOS

- Os equipos participantes en:
 - Campionatos onde o sistema de liga regular e/ou ranking/clasificación teña cinco ou menos anos de vixencia e que non estiveran clasificados polo menos unha vez entre os dez primeiros nas tempadas de desenvolvemento deste para clasificacións/ránkings onde compitan polo menos vinte equipos e unha vez entre os cinco primeiros nas tempadas de desenvolvemento deste para clasificacións/ránkings onde compitan menos de vinte equipos.
 - Campionatos onde a clasificación por equipos sae de sumar as puntuacións obtidas polos deportistas sénior absolutos e de base e/ou veteranos/máster.
- Os equipos que NON figuren na clasificación final da tempada inmediatamente anterior ao da convocatoria en curso na Liga regular e/ou ranking/clasificación por equipos de máximo nivel estatal.

GRUPO 6

CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN

- Liga regular por equipos de 1º máximo nivel de ámbito estatal.
- Só de categoría previa á absoluta.
- Con ascensos e descensos de nivel.
- Desenvolvida en 10 ou máis xornadas⁽¹⁾.
- Só de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas⁽²⁾.

(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.

(2) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.

GRUPO 7

CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN

- Campionatos de España absolutos por equipos/clubs.
- Desenvolvida en unha ou dúas xornadas⁽¹⁾.
- Só de categoría absoluta/sénior. A clasificación final por equipos elaborárase só coas puntuacións obtidas polos deportistas de categoría absoluta/sénior.
- Só de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas⁽²⁾.

(1) Cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computarase como unha xornada.

(2) Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.

QUEDAN EXCLUÍDOS

- Os equipos/clubs que:
 - Participen en campionatos de España absolutos de modalidades/especialidades onde existan competicións englobadas nos grupos 1, 2, 3, 4, 5 e 6.
 - Na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria non acadaran entre un 1º e un 3º posto, ambos incluídos, en campionatos onde participaran 15 ou menos equipos/clubs.
 - Na tempada inmediatamente anterior á da convocatoria non acadaran entre un 1º e un 8º posto, ambos incluídos, en campionatos onde participaran 16 ou máis equipos/clubs.

Dada a incerteza xerada e o imprevisible das medidas adoptadas polos organizadores, sempre alleos ás vontades dos equipos, preténdese invitar igualmente aos equipos que estaban inscritos ou cumprían os requisitos dos

niveis e tipos de competicións en este ano 2021, a pesar das modificacións realizadas na organización destas. Por isto, poderán ser invitados os equipos que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

- a) Equipos que no 2021 non puideron ou non poderán participar na competición pola cal accedían ao plan en exercicios anteriores debido á NON CELEBRACIÓN destas por decisión federativa.
- b) Equipos que no 2021 iniciaron a participación e non puideron ou non poderán completar todas as xornadas da competición pola cal accedían ao plan en exercicios anteriores debido á SUSPENSIÓN DEFINITIVA da actividade en este 2021 por decisión federativa. Incluso en aquelas competicións onde non se chegaron a desenvolver o mínimo de tres xornadas que marca o plan de patrocinio.

Non poderán ser certificados os equipos que tendo competición, rexeitan participar nesta por decisión propia de club.

Non obstante, o descenso de actividade competitiva do equipo fai que descenda o nivel de exposición das marcas dos patrocinadores, xa sexa na competición pola que son invitados ao plan de patrocinio ou no resto de competicións nas que participe. Motivo este polo que se aplicarán penalizacións nos importes fixos e nos puntos acadados pola aplicación dos criterios de valoración que outorgan os importes totais a percibir do patrocinio, de acordo á actividade deportiva prevista polos equipos potencialmente destinatarios do plan para este ano 2021.

Aquelas entidades que contan con máis dun equipo nas competicións obxecto do Plan poderán subscribir tantos convenios coma equipos teña comprendidos no ámbito do mesmo, agás no caso dos clubs que teñan varios equipos competindo na mesma modalidade/especialidade do mesmo nivel e categoría nos sistemas de competición definidos anteriormente, que só poderán formalizar convenio de patrocinio por un dos equipos.

De acordo con estes criterios e a través dunha certificación aportada previamente á formalización deste plan polas correspondentes federacións deportivas galegas/españolas ou entidades organizadoras das competicións, os equipos identificados como posibles patrocinados deste Plan son os seguintes:

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G1	BALONCESTO	Ensino Lugo Club de Baloncesto	1º	FEM	Lugo	Lugo
G1	BALONCESTO	Club Universitario de Ferrol	2º	FEM	Narón	A Coruña
G1	BALONCESTO	Club Deportivo Bosco	2º	FEM	Vigo	Pontevedra
G1	BALONCESTO	Agrupación Deportiva Cortegada	2º	FEM	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G1	BALONCESTO	Club Baloncesto Arxil de Pontevedra	2º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
G1	BALONCESTO	Club Maristas	2º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	BALONCESTO	Fundación Educaución e Deporte de Santiago	2º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
G1	BALONCESTO	Club Carmelitas Vedruna	3º	FEM	Ourense	Ourense
G1	BALONCESTO	Club Baloncesto Arxil B	3º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
G1	BALONCESTO	CB Peleteiro	3º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
G1	BALONCESTO	Seis do Nadal	3º	FEM	Vigo	Pontevedra
G1	BALONCESTO	Marín Peixegalego	3º	FEM	Marín	Pontevedra
G1	BALONCESTO	Club Baloncesto Breogán SAD	2º	MAS	Lugo	Lugo
G1	BALONCESTO	Club Orense Baloncesto S.A.D.	2º	MAS	Ourense	Ourense
G1	BALONCESTO	Club Básquet Coruña	2º	MAS	A Coruña	A Coruña
G1	BALONCESTO	C B Costa Ártabra	3º	MAS	Ferrol	A Coruña
G1	BALONCESTO	E B Xíria	3º	MAS	Carballo	A Coruña
G1	BALONCESTO	C B Culleredo	3º	MAS	Culleredo	A Coruña
G1	BALONCESTO	B B Porriño	3º	MAS	O Porriño	Pontevedra
G1	BALONCESTO	Obradoiro CAB	3º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G1	BALONCESTO	C B Estudiantes	3º	MAS	Lugo	Lugo
G1	BALONCESTO	C Sto Domingo Betanzos	3º	MAS	Betanzos	A Coruña
G1	BALONCESTO	C B Chantada	3º	MAS	Chantada	Lugo
G1	BALONMÁN	Club Balonmán Porriño	1º	FEM	O Porriño	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Clube Balonmán Atlético Guardés	1º	FEM	A Guarda	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Asociación Deportiva Carballal	2º	FEM	Vigo	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Sociedad Atlético Redondela	2º	FEM	Redondela	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Unión Balonmán Lavadores	2º	FEM	Vigo	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Club Balonmano Porriño B	2º	FEM	O Porriño	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Asmubal Meaño	2º	FEM	Meaño	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Club Balonmán Cangas	1º	MAS	Cangas	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Club Cisne de Balonmán	1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Sociedad Deportiva Teucro Pontevedra	2º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Sociedad Deportiva Atlético Novás	2º	MAS	O Rosal	Pontevedra
G1	BALONMÁN	Balonmán Lalín	2º	MAS	Lalín	Pontevedra
G1	BÉISBOL	Asociación Club Leones de Santiago BBC	2º	MAS	Oroso	A Coruña
G1	BÉISBOL	Club Béisbol y Sofbol Cambre	2º	MAS	Cambre	A Coruña
G1	BÉISBOL	Druidas Béisbol Club	2º	MAS	A Coruña	A Coruña

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G1	BÉISBOL	Trasnos Béisbol Club	2º	MAS	Vigo	Pontevedra
G1	BÉISBOL	Escola de Béisbol e Sófbol Os Tilos Teo	2º	MAS	Teo	A Coruña
G1	SÓFBOL	Club Béisbol y Sofbol Cambre	1º	FEM	Cambre	A Coruña
G1	BALONCESTO CADEIRA RODAS	Club AMFIV	1º	MIX	Vigo	Pontevedra
G1	BALONCESTO CADEIRA RODAS	Club Basketmi Ferrol	2º	MIX	Ferrol	A Coruña
G1	FÚTBOL	RC Deportivo	1º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	FÚTBOL	Club Peluquería Mixta Friol	2º	FEM	Friol	Lugo
G1	FÚTBOL	Victoria C.F.	3º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	FÚTBOL	Sárdoma C. F.	3º	FEM	Vigo	Pontevedra
G1	FÚTBOL	Club Victoria de Santiago Fútbol Club	3º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
G1	FÚTBOL	Club Deportivo valladares	3º	FEM	Vigo	Pontevedra
G1	FÚTBOL	Atlético Arousana	3º	FEM	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
G1	FÚTBOL	RC Deportivo B	3º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	FÚTBOL	Viajes Interrías Fútbol femenino	3º	FEM	Sanxenxo	Pontevedra
G1	FÚTBOL	Umia C.F.	3º	FEM	Ribadumia	Pontevedra
G1	FÚTBOL	UD Mos	3º	FEM	Mos	Pontevedra
G1	FÚTBOL	Corujo Club de Fútbol	3º	MAS	Vigo	Pontevedra
G1	FÚTBOL	Pontevedra CF, SAD	3º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G1	FÚTBOL	Racing Club de Ferrol, S.A.D. (2ª división B)	3º	MAS	Ferrol	A Coruña
G1	FÚTBOL	Real Club Celta de Vigo, S.A.D.	3º	MAS	Vigo	Pontevedra
G1	FÚTBOL	RC Deportivo	3º	MAS	A Coruña	A Coruña
G1	FÚTBOL	SD Compostela	3º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G1	FÚTBOL SALA	Ourense Club de Fútbol S.A.D. (feminino-1ª división)	1º	FEM	Ourense	Ourense
G1	FÚTBOL SALA	Club Deportivo Burela Fútbol Sala (feminino)	1º	FEM	Burela	Lugo
G1	FÚTBOL SALA	Club Poio Fútbol Sala	1º	FEM	Poio	Pontevedra
G1	FÚTBOL SALA	Cidade de As Burgas Fútbol Sala	1º	FEM	Ourense	Ourense
G1	FÚTBOL SALA	Club Viaxes Amarelle FS	1º	FEM	Santa Comba	A Coruña
G1	FÚTBOL SALA	Valdetires Ferrol FSF	2º	FEM	Ferrol	A Coruña
G1	FÚTBOL SALA	Marín Futsal	2º	FEM	Marín	Pontevedra
G1	FÚTBOL SALA	A Fervenza FSF	2º	FEM	Ferrol	A Coruña
G1	FÚTBOL SALA	Ourense Club de Fútbol S.A.D. (feminino-2ª división)	2º	FEM	Ourense	Ourense
G1	FÚTBOL SALA	Club Fútbol Sala Femenino Castro	2º	FEM	Castro de Rei	Lugo
G1	FÚTBOL SALA	Bembrive Fútbol Sala	2º	FEM	vigo	Pontevedra

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G1	FÚTBOL SALA	O Parrulo Fútbol Sala	1º	MAS	Ferrol	A Coruña
G1	FÚTBOL SALA	Club Deportivo Burela Fútbol Sala (masculino)	1º	MAS	Burela	Lugo
G1	FÚTBOL SALA	Santiago Futsal	2º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G1	FÚTBOL SALA	Noia Fútbol Sala	2º	MAS	Noia	A Coruña
G1	HOCKEY HERBA	Club Hockey Barrocás	2º	MAS	Ourense	Ourense
G1	HOCKEY PATÍNS	H C Borbolla	1º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	HOCKEY PATÍNS	Hockey Club Liceo (masculino – OK Liga)	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G1	HOCKEY PATÍNS	Hockey Club Liceo (masculino – OK Liga Prata)	2º	MAS	A Coruña	A Coruña
G1	HOCKEY PATÍNS	Club Compañía de María	2º	MAS	A Coruña	A Coruña
G1	HOCKEY PATÍNS	Club Asociación A.A. Colegio Santo domingo	2º	MAS	A Coruña	A Coruña
G1	RUGBY	Club de Arquitectura Técnica	1º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	RUGBY	Pontevedra Rugby Club	2º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
G1	RUGBY	Asociación Campus Universitario Ourense Rugby Club	2º	MAS	Ourense	Ourense
G1	RUGBY	Club Rugby Ferrol	2º	MAS	Ferrol	A Coruña
G1	VOLEIBOL	Club Emevé (feminino)	1º	FEM	Lugo	Lugo
G1	VOLEIBOL	Club Instituto Zalaeta	2º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	VOLEIBOL	Club Voleibol Ourense	3º	FEM	Ourense	Ourense
G1	VOLEIBOL	Club Voleibol Bruxas (feminino)	3º	FEM	Ames	A Coruña
G1	VOLEIBOL	Club Deportivo Padre Faustino (feminino)	3º	FEM	A Coruña	A Coruña
G1	VOLEIBOL	Club Emevé (masculino)	1º	MAS	Lugo	Lugo
G1	VOLEIBOL	Club Voleibol Cabo de Cruz	1º	MAS	Boiro	A Coruña
G1	VOLEIBOL	Club Deportivo Aldebarán San Sadurniño	2º	MAS	San Sadurniño	A Coruña
G1	VOLEIBOL	Club Vigo Voleibol	2º	MAS	Vigo	Pontevedra
G1	VOLEIBOL	Club de Fútbol Dumbria	2º	MAS	Dumbria	A Coruña
G1	VOLEIBOL	Club Deportivo Padre Faustino (masculino)	2º	MAS	A Coruña	A Coruña
G2	FRONTÓN CORTO 36 METROS	Club de Pelota La Coruña	2º	MAS	A Coruña	A Coruña
G2	TENIS DE MESA	Club Tenis de Mesa Cidade de Narón (feminino)	2º	FEM	Narón	A Coruña
G2	TENIS DE MESA	Tenis de Mesa Monte Porreiro (feminino)	2º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
G2	TENIS DE MESA	Illas Cies Tenis de Mesa	2º	FEM	Vigo	Pontevedra
G2	TENIS DE MESA	Cinania TM	2º	FEM	Cangas	Pontevedra
G2	TENIS DE MESA	Oroso TM	2º	FEM	Oroso	A Coruña
G2	TENIS DE MESA	Arteal Tenis de Mesa	1º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G2	TENIS DE MESA	Agupación Deportiva Vincios	1º	MAS	Gondomar	Pontevedra

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G2	TENIS DE MESA	Tenis de Mesa Monte Porreiro (masculino)	1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G2	TENIS DE MESA	Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa	2º	MAS	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
G2	TENIS DE MESA	Club Cambados Tenis de Mesa	2º	MAS	Cambados	Pontevedra
G2	TENIS DE MESA	Club Tenis de Mesa Cidade de Narón (masculino)	2º	MAS	Narón	A Coruña
G2	TENIS DE MESA	CTM Milagrosa	2º	MAS	Lugo	Lugo
G2	TENIS DE MESA	Tenis de Mesa Monte Porreiro B (masculino)	2º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G3	HOCKEY LIÑA	Club de Hockey Femenino Meigas	2º	FEM	Lugo	Lugo
G3	HOCKEY LIÑA	Club Patíns Lóstregos Lucus	2º	FEM	Lugo	Lugo
G3	KAYAK POLO	Real Club Náutico Rodeira	1º	MAS	Cangas	Pontevedra
G3	KAYAK POLO	Club Copacabana de Piragüismo	1º	MAS	Ferrol	A Coruña
G3	KAYAK POLO	Club Piragüismo Penedo	2º	MIX	Tui	Pontevedra
G3	TRAIÑEIRAS	Club de Remo Cabo da Cruz	1º	MAS	Boiro	A Coruña
G3	TRAIÑEIRAS	Club de Remo de Ares	1º	MAS	Ares	A Coruña
G3	TRAIÑEIRAS	Sociedad Deportiva Tirán	1º	MAS	Moaña	Pontevedra
G3	DUATLÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino-duatlon)	1º	FEM	Lugo	Lugo
G3	DUATLÓN	Agrupación Deportiva Náutico de Narón (feminino-duatlon)	1º	FEM	Narón	A Coruña
G3	DUATLÓN	Asociación Deportiva Tripenta Terras de Lugo (feminino-duatlon)	1º	FEM	Lugo	Lugo
G3	DUATLÓN	Club Triatlón Santiago (feminino-duatlon)	1º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
G3	DUATLÓN	Club Olímpico de Vedra (feminino-duatlon)	2º	FEM	Vedra	A Coruña
G3	DUATLÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino-duatlon)	1º	MAS	Lugo	Lugo
G3	DUATLÓN	Club Triatlón Santiago (masculino-duatlon)	1º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G3	DUATLÓN	Asociación Deportiva Tripenta Terras de Lugo (masculino-duatlon)	2º	MAS	Lugo	Lugo
G3	DUATLÓN	Club Triatlón Ferrol (masculino-duatlon)	2º	MAS	Ferrol	A Coruña
G3	DUATLÓN	Club Olímpico de Vedra (masculino-duatlon)	2º	MAS	Vedra	A Coruña
G3	DUATLÓN	Triatlón Arteixo Duatlo-Masculino)	2º	MAS	Arteixo	A Coruña
G3	DUATLÓN	Club Triatlon Compostela	2º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G3	TRIALÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino-triatlon)	1º	FEM	Lugo	Lugo
G3	TRIALÓN	Agrupación Deportiva Náutico de Narón (feminino-triatlon)	1º	FEM	Narón	A Coruña
G3	TRIALÓN	Club Triatlón Santiago (feminino-triatlon)	1º	FEM	Santiago de Compostela	A Coruña
G3	TRIALÓN	Club Olímpico de Vedra (feminino-triatlon)	2º	FEM	Vedra	A Coruña

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G3	TRIATLÓN	Triatlón Arteixo (feminino-triatlon)	2º	FEM	Arteixo	A Coruña
G3	TRIATLÓN	Club Triatlón Ferrol (Triatlón-Femenino)	2º	FEM	Ferrol	A Coruña
G3	TRIATLÓN	Club Triatlón Santiago (masculino-triatlon)	1º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G3	TRIATLÓN	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino-triatlon)	1º	MAS	Lugo	Lugo
G3	TRIATLÓN	Triatlón Arteixo (masculino-triatlon)	2º	MAS	Arteixo	A Coruña
G3	TRIATLÓN	Club Olímpico de Vedra (masculino-triatlon)	2º	MAS	Vedra	A Coruña
G3	TRIATLÓN	Sociedad Deportiva e Cultural Natación Boiro	2º	MAS	Boiro	A Coruña
G3	TRIATLÓN	Agrupación Deportiva Náutico de Narón (Triatlón Masculino)	2º	MAS	Narón	A Coruña
G3	TRIATLÓN	Club Triatlón Ferrol (Triatlón-masculino)	2º	MAS	Ferrol	A Coruña
G4	ATLETISMO	Club de Atletismo "Ría Ferrol"	1º	FEM	Ferrol	A Coruña
G4	ATLETISMO	Club Atletismo Femenino Celta	2º	FEM	Vigo	Pontevedra
G4	ATLETISMO	Sociedad Gimnástica de Pontevedra (feminino)	2º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
G4	ATLETISMO	Sociedad Gimnástica de Pontevedra (masculino)	1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G4	ATLETISMO	Real Club Celta de Atletismo	2º	MAS	Vigo	Pontevedra
G4	BÁDMINTON	Club Bádminton Ravachol pontevedra	1º	MIX	Pontevedra	Pontevedra
G4	BÁDMINTON	Club Bádminton As Neves	2º	MIX	As Neves	Pontevedra
G4	BÁDMINTON	Club Bádminton Athlos Ourense	2º	MIX	Ourense	Ourense
G4	BOWLING	Club Bowling Celta	1º	MAS	Vigo	Pontevedra
G4	ESPADA	Zalaeta 100Tolos (espada feminino)	2º	FEM	A Coruña	A Coruña
G4	ESPADA	Club Esgrima Coruña (feminino)	2º	FEM	A Coruña	A Coruña
G4	ESPADA	Club Esgrima Coruña (masculino)	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G4	ESPADA	Zalaeta 100Tolos (espada masculino)	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G4	FLORETE	Club de Esgrima de Vigo El Olivo	1º	FEM	Vigo	Pontevedra
G4	FLORETE	Zalaeta 100Tolos (florete masculino)	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G4	SABLE	Club Escola Hungaresa de Esgrima	1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña (feminino-división honra)	1º	FEM	A Coruña	A Coruña
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Pabellón (feminino-división honra)	1º	FEM	Ourense	Ourense
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña (feminino-1ª división)	2º	FEM	A Coruña	A Coruña
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Pabellón (feminino-1ª división)	2º	FEM	Ourense	Ourense
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Vigo (feminino)	2º	FEM	Vigo	Pontevedra
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Rías Baixas (feminino)	2º	MAS	Pontevedra	Pontevedra

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G4	HALTEROFILIA	Cocodrilos Verdes	2º	FEM	A Coruña	A Coruña
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña (masculino-división honra)	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Pabellón (masculino-división honra)	1º	MAS	Ourense	Ourense
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Coruña (masculino-1ª división)	2º	MAS	A Coruña	A Coruña
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Rías Baixas (masculino)	2º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Vigo (masculino)	2º	MAS	Vigo	Pontevedra
G4	HALTEROFILIA	Club Halterofilia Sulyos	2º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G4	PATINAXE DE VELOCIDADE	Club Sada Patín (feminino)	2º	FEM	Sada	A Coruña
G4	PATINAXE DE VELOCIDADE	Club Sada Patín (masculino)	1º	MAS	Sada	A Coruña
G4	PATINAXE DE VELOCIDADE	Sociedad Cultural y Deportiva Rabadeira	2º	MAS	Oleiros	A Coruña
G4	SPRINT	CMDC Breogán do Grove (feminino)	1º	FEM	O Grove	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Kayak Tudense (feminino)	1º	FEM	Tui	Pontevedra
G4	SPRINT	Club de Piragüismo As Torres Romaría Vikinga de Catoira (feminino)	1º	FEM	Catoria	Pontevedra
G4	SPRINT	Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra	1º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
G4	SPRINT	Club de Mar Ría de Aldán (feminino)	1º	FEM	Cangas	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Fluvial de Lugo (feminino)	1º	FEM	Lugo	Lugo
G4	SPRINT	Club Náutico Pontecesures (feminino)	1º	FEM	Pontecesures	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Náutico Firrete (feminino)	1º	FEM	Pontedeume	A Coruña
G4	SPRINT	Club Piragüismo Rías Baixas (feminino)	1º	FEM	Boiro	A Coruña
G4	SPRINT	Club Escola Piragüismo Poio (feminino)	1º	FEM	Poio	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Piragüismo Ciudad de Lugo (feminino)	2º	FEM	Lugo	Lugo
G4	SPRINT	Club Ría de Betanzos (feminino)	2º	FEM	Betanzos	A Coruña
G4	SPRINT	Club Náutico O Muíño Ribadumia	2º	FEM	Ribadumia	Pontevedra
G4	SPRINT	Clube de Piragüismo C. P. Portonovo (feminino)	2º	FEM	Sanxenxo	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Kayak Tudense (masculino)	1º	MAS	Tui	Pontevedra
G4	SPRINT	CMDC Breogán do Grove (masculino)	1º	MAS	O Grove	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Escola Piragüismo Poio (masculino)	1º	MAS	Poio	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Piragüismo Vilaboa	1º	MAS	Vilaboa	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Naval de Pontevedra	1º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Piragüismo Rías Baixas (masculino)	1º	MAS	Boiro	A Coruña

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G4	SPRINT	Club Fluvial de Lugo (masculino)	1º	MAS	Lugo	Lugo
G4	SPRINT	Club Ría de Betanzos (masculino)	1º	MAS	Betanzos	A Coruña
G4	SPRINT	Club de Mar Ría de Aldán (masculino)	1º	MAS	Cangas	Pontevedra
G4	SPRINT	Clube de Piragüismo C. P. Portonovo (masculino)	1º	MAS	Sanxenxo	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Náutico Firrete (masculino)	1º	MAS	Pontedeume	A Coruña
G4	SPRINT	Club Náutico Pontecesures (masculino)	1º	MAS	Pontecesures	Pontevedra
G4	SPRINT	Real Club Náutico Rodeira	1º	MAS	Cangas	Pontevedra
G4	SPRINT	Club de Piragüismo As Torres Romaría Vikinga de Catoira (masculino)	2º	MAS	Catoria	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Piragüismo Verducido-Pontillón	2º	MAS	Pontevedra	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Piragüismo Illa de Arousa	2º	MAS	A Illa de Arousa	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Fluvial O Barco	2º	MAS	O Barco	Ourense
G4	SPRINT	Club Piragüismo Cambados	2º	MAS	Cambados	Pontevedra
G4	SPRINT	Club Piragüismo Ciudad de Lugo (masculino)	2º	MAS	Lugo	Lugo
G4	ARTÍSTICA	Clube Ximnasia Tempo	2º	FEM	A Coruña	A Coruña
G4	RÍTMICA	Escola Ximnasia Acordes	2º	FEM	Oleiros	A Coruña
G5	BTT XCO	Clube Ciclista Maceda	2º	MAS	Maceda	Ourense
G5	CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Farto (feminino)	2º	FEM	Pontevedra	Pontevedra
G5	CARRETERA ÉLITE	Grupo Deportivo Supermercados Froiz	1º	MAS	Poio	Pontevedra
G5	CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Padronés	1º	MAS	Padrón	A Coruña
G5	CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Rías Baixas	1º	MAS	vigo	Pontevedra
G5	CARRETERA ÉLITE	Club Ciclista Vigués	3º	MAS	Vigo	Pontevedra
G5	CARRETERA ÉLITE	Team Cycling Galicia	3º	MAS	Redondela	Pontevedra
G5	CARRETERA ÉLITE	Asociación Deportiva Punta Fondón	1º	MAS	Moaña	Pontevedra
G5	CARRETERA ÉLITE	Master da Louriña (masculino)	2º	MAS	O Porriño	Pontevedra
G5	CARRETERA CICLISMO ADAPTADO	Club Ciclista Riazor	3º	MIX	A Coruña	A Coruña
G5	KUMITE	Club San Francisto Teo (feminino)	1º	FEM	Teo	A Coruña
G5	KUMITE	Club San Francisto Teo (masculino)	1º	MAS	Teo	A Coruña
G5	SLALOM	Club Deportivo Miño – Os Teixugos (feminino)	1º	FEM	Tomíño	Pontevedra
G5	SLALOM	Club Piragüismo Penedo	1º	FEM	Tui	Pontevedra
G5	SLALOM	Club Deportivo Miño – Os Teixugos (masculino)	1º	MAS	Tomíño	Pontevedra
G5	ARCO RECURVO	Club Arco Silex	1º	MAS	As Pontes	A Coruña
G6	FÚTBOL	Escola Deportiva Val Miñor – nigrán	1º	MAS	Nigrán	Pontevedra

GRUPO	ESPECIALIDADE	ENTIDADE	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
G6	FÚTBOL	Ural Español C.F.	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G6	FÚTBOL	Racing Club de Ferrol, S.A.D. (xuenil)	1º	MAS	Ferrol	A Coruña
G6	FÚTBOL	Club Deportivo Calasanz	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G6	FÚTBOL	Club Deportivo Conxo Santiago	1º	MAS	Santiago de Compostela	A Coruña
G6	FÚTBOL	RC Deportivo (xuenil)	1º	MAS	A Coruña	A Coruña
G6	FÚTBOL	RC Celta (xuenil)	1º	MAS	Vigo	Pontevedra
G6	FÚTBOL	CD Lugo	1º	MAS	Lugo	Lugo
G6	FÚTBOL	CD Choco	1º	MAS	Redondela	Pontevedra
G6	FÚTBOL	Pabellón Ourense C.F.	1º	MAS	Ourense	Ourense
G7	LIBRE OLÍMPICA	Club de Lucha San Ignacio	1º	FEM	Vigo	Pontevedra
G7	LIBRE OLÍMPICA	Club de Loitas Olímpicas Vilalba	1º	MAS	Vilalba	Lugo

No caso de que antes da finalización da vixencia dos convenios de patrocinio se producira a sucesión da entidade beneficiaria do convenio, trasladaranse á entidade sucesora o conxunto das obrigas e dereitos adquiridos pola primeira, subrogándose esta no conxunto de dereitos e obrigas, e sempre que cumpra e acredite a totalidade dos requisitos do Plan. No caso de que a sucesión de convenio só afecte a parte das contraprestacións adquiridas coa formalización do convenio, a Fundación, no momento de efectuar o pagamento de cada un dos prazos de pago establecidos no Plan de Patrocinio, tomará como referencia a puntuación resultante da aplicación dos criterios de valoración a cada contraprestación, aboándolle a cada entidade o importe correspondente. Non obstante, ámbalas dúas entidades, deberán presentar perante a Fundación un documento que acredite o acordo de sucesión das obrigas do convenio así como a conformidade por ambas partes dos importes que a Fundación deberá aboar finalmente a cada entidade.

2.2. Outras exclusións.

Quedarán excluídos os equipos pertencentes a clubs que leven dados de alta no rexistro de entidades deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte menos de dous anos dende a saída da convocatoria específica para o seu grupo de patrocinio.

Tamén quedarán excluídos os equipos que, aínda estando nos grupos anteriores, no momento de finalizar o prazo de emenda para a presentación da documentación requirida, estiveran en situación de concurso de acredores.

3. Dotación orzamentaria.

O orzamento (incluído o I.V.E.) autorizado para estes convenios ascende á cantidade de **3.146.000 €**, contía que representa o gasto máximo a realizar pola

Fundación en virtude do Plan. Esta contía, en todo caso, haberá de ser reaxustada, no seu caso, con motivo dunha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E. As cuantías correspondentes a cada liña de patrocinio son as seguintes:

- Patrocinio con cargo á liña específica Xunta de Galicia - Deporte Galego-Axencia de Turismo de Galicia-Xacobeo: 1.936.000 €.
- Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA: 1.210.000 €.

A antedita contía comprende non só ó importe dos correspondentes convenios, senón tamén cantas recargas e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Tamén se debe entender comprendido o importe de **546.000 €** do Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E.), que corresponde ao 21% do orzamento sen I.V.E. (**2.600.000 €**), de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente ao longo da vixencia dos convenios. Todo isto, sen perxuízo do antes sinalado en relación a unha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E.

Os presentes convenios serán financiados con fondos da Fundación Deporte Galego, Axencia Turismo de Galicia-Xacobeo e de Abanca Corporación Bancaria S.A. con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2021, e concretamente con cargo á partida orzamentaria (5. Outros Gastos), dado que no orzamento vixente para o exercicio 2021 dispónse de financiamento suficiente para os presentes convenios con cargo á partida sinalada anteriormente.

4. Tramitación: convenios de patrocinio.

O Plan de patrocinio supón unha actividade de patrocinio realizada pola Fundación respecto dos equipos destinatarios do Plan, que deberán cumprir as obrigas de difusión da imaxe da Fundación Deporte Galego, da Axencia Turismo de Galicia-Xacobeo e de Abanca Corporación Bancaria S.A. especificadas no convenio, así como na colaboración dos equipos, e particularmente das persoas que conforman os equipos, nas actividades de difusión organizadas no marco deste.

En atención á natureza das relacións nas que se traduce, o Plan será executado a través da formalización de convenios de patrocinio cos Equipos incorporados ao Plan. Estes convenios, que a Fundación subscribirá con cada entidade deportiva, contemplarán prestacións publicitarias para a Fundación Deporte Galego, a Axencia Turismo de Galicia-Xacobeo e Abanca Corporación Bancaria S.A. no ámbito da consecución dos obxectivos comúns da Fundación Deporte Galego, da Axencia Turismo de Galicia-Xacobeo e Abanca Corporación Bancaria S.A., e de ditas entidades deportivas de promoción do deporte de alta competición en Galicia.

4.1. Características particulares do Plan:

Este Plan estruturase en liñas de patrocinio:

A) PATROCINIO CON CARGO Á LIÑA ESPECÍFICA XUNTA DE GALICIA - DEPORTE GALEGO-AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO.

Poderán ser obxecto de patrocinio desta primeira liña todas as entidades que cumpran cos requisitos esixidos no apartado 2.

B) PATROCINIO CON CARGO Á LIÑA ESPECÍFICA ABANCA.

Poderán ser obxecto de patrocinio desta segunda liña todas as entidades que cumpran cos requisitos esixidos no apartado 2 e ademais cumpran cos seguintes de forma acumulativa:

- Oferten determinados espazos publicitarios para ABANCA nos soportes publicitarios do equipo de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto do Plan garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.
- Acrediten que contan con categorías de base ou que teñan como obxecto social principal a promoción do deporte para discapacitados e o equipo sénior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto de patrocinio participe nunha competición para discapacitados. Para acreditar a promoción do deporte base, no caso das Entidades que non teñan categorías de base directamente dependentes delas pero que acrediten documentalmente que colaboran coas categorías inferiores doutra entidade, poderán ser obxecto deste patrocinio sempre e cando teñan capacidade para cumprir as prestacións publicitarias esixidas nos soportes da entidade coa que están colaborando. En todo caso, o acordo de colaboración entre esas entidades deberá ser sempre previo ao inicio da tramitación deste Plan. Para ter en conta as licenzas de categorías base e polo tanto a efectos de incluír as entidades na segunda liña de patrocinio, no caso daquelas entidades que dispoñan de menos de 15 licenzas, deberán acreditar que estas son suficientes para poder participar en competicións deportivas desa modalidade/especialidade.
- Incorporen a imaxe corporativa de ABANCA nas equipacións deportivas das súas categorías de base nas condicións e nos soportes publicitarios establecidos neste documento, garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras. No caso das entidades que teñan como obxecto social principal a promoción do deporte para discapacitados non será preciso que dispoñan de categorías de base pero deberán incorporar a imaxe corporativa de ABANCA en actuacións concretas de promoción do deporte adaptado, garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.

Non poderán ser obxecto desta liña de patrocinio aquelas entidades que manteñan coa propia ABANCA unha débeda certa, líquida, vencida e esixible que non resultara pagada.

4.2. Prestacións publicitarias:

4.2.1. Patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA-DEPORTE GALEGO-AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO.

Soportes publicitarios obrigatorios XUNTA DE GALICIA - DEPORTE GALEGO:

As Entidades deberán incorporar a imaxe corporativa establecida pola Fundación Deporte Galego para a promoción do “DEPORTE GALEGO” en todas as competicións nas que participe o Equipo de categoría absoluta e/ou previa á absoluta, así como nas actividades que organice e nos seguintes soportes:

- a) Equipamentos oficiais de competición.
- b) Equipamentos de adestramento.
- c) Equipamentos de paseo/viaxe.
- d) Vehículos oficiais dos que dispoña o equipo, en propiedade ou alugado para desprazarse a competir.
- e) Cartelería oficial ou en calquera outro soporte utilizado para anunciar os encontros/probas/actividades organizadas polo club.
- f) Banner publicitario nun lugar preferente da web da entidade. No caso de non dispoñer dela, na cabeceira de Facebook ou Twitter.
- g) Lonas publicitarias:
Na instalación de competición como local deberán situarse, en lugar preferente, dúas lonas publicitarias de 5x1 metros onde se recolla exclusivamente a imaxe corporativa establecida para este apartado, XUNTA DE GALICIA - DEPORTE GALEGO. Deberán tamén incorporarse estas lonas nas diferentes actividades ofertadas pola Entidade. No caso dos equipos que non compitan como locais nin contén con instalacións de adestramento ou competición pechadas ou coutadas, deberán asegurar esta presenza noutros soportes alternativos (instalacións do club, carpas, village, etc....).
- h) Paneis/Traseiras de prensa utilizadas para as roldas de prensa (sexa en local pechado ou no espazo destinado á competición).
- i) Melloras. Soportes publicitarios non obrigatorios. As entidades poderán presentar unha proposta de melloras tendo en conta que NON se valoraran os soportes que non están recollidos na seguinte relación:
 - Outros equipamentos de competición, paseo/viaxe e/ou adestramento non obrigatorios.

- Leds a pé de cancha e/ou videopantais.
- Lonas publicitarias de 5x1 a maiores das dúas obrigatorias.
- Soportes de canastras, postes de voley, postes de gol de rugby.
- Cadeira de rodas.
- Canoa/kayak/piragüa/bote.
- Remolque.
- Traíñeira.
- Carpa.
- Alcance/seguimento das redes sociais Facebook, Twitter e Instagram.

De non ser posible incluír a imaxe corporativa do Plan nalgún dos soportes sinalados anteriormente, para XUNTA DE GALICIA-DEPORTE GALEGO debido a limitacións regulamentarias da competición, deberá xustificarse axeitadamente e incluír a imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos.

Soportes publicitarios obrigatorios AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO:

As Entidades deberán incorporar a imaxe establecida pola Fundación Deporte Galego para a promoción do XACOBEO nos seguintes soportes:

- a) Vehículos oficiais dos que dispoña o equipo, en propiedade ou alugado para desprazarse a competir.
- b) Cartelería oficial ou en calquera outro soporte utilizado para anunciar os encontros/probas/actividades organizadas polo club.
- c) Banner publicitario nun lugar preferente da web da entidade. No caso de non dispoñer dela, na cabeceira de Facebook ou Twitter.
- d) Lonas publicitarias:
Na instalación de competición como local deberán situarse, en lugar preferente, dúas lonas publicitarias de 3x1 metros onde se recolla exclusivamente a imaxe corporativa establecida para este apartado, AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO. Deberán tamén incorporarse estas lonas nas diferentes actividades ofertadas pola Entidade. No caso dos equipos que non compitan como locais nin contén con instalacións de adestramento ou competición pechadas ou coutadas, deberán asegurar esta presenza noutros soportes alternativos (instalacións do club, carpas, village, etc....).
- e) Paneis/Traseiras de prensa utilizadas para as roldas de prensa (sexa en local pechado ou no espazo destinado á competición).

De non ser posible incluír a imaxe corporativa do Plan nalgún dos soportes sinalados anteriormente, para a AXENCIA TURISMO DE

GALICIA-XACOBEO, deberá xustificarse axeitadamente e incluír a imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos.

4.2.2. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.

Para optar a esta liña de patrocinio, todos os equipos identificados como posibles patrocinados deberán acceder de forma obrigatoria ao patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA-DEPORTE GALEGO-AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO.

Soportes publicitarios obrigatorios ABANCA:

As Entidades deberán incorporar nos seguintes soportes a imaxe corporativa establecida pola Fundación Deporte Galego para a promoción de “ABANCA” en todas as competicións nas que participe o Equipo así como nas actividades que organice e que oferte como obxecto de patrocinio:

a) Equipamentos oficiais de competición, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras. Neste soporte publicitario, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:

- Parte traseira da camiseta, enriba do número en grande.
- Parte traseira da camiseta, debaixo do número en grande.
- Parte dianteira da camiseta no centro da mesma en grande.

No caso de equipacións sen número, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:

- Parte traseira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.
- Parte dianteira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.

b) Equipamentos de adestramento, prioritariamente debaixo do escudo da entidade e garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.

c) Equipamentos de paseo/viaxe, prioritariamente debaixo do escudo da entidade e garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.

d) Vehículos oficiais dos que dispoña o equipo, en propiedade ou alugado para desprazarse a competir.

e) Cartelería oficial ou en calquera outro soporte utilizado para anunciar os encontros/probas/actividades organizadas polo club.

f) Banner publicitario nun lugar preferente da web da entidade. No caso de non dispoñer dela, na cabeceira de Facebook ou Twitter.

g) Lonas publicitarias:

Na instalación de competición como local deberán situarse, en lugar preferente, dúas lonas publicitarias de 3x1 metros onde se recolla exclusivamente a imaxe corporativa establecida para este apartado, ABANCA. Deberán tamén incorporarse estas lonas nas diferentes actividades ofertadas pola Entidade. No caso dos equipos que non compitan como locais nin contén con instalacións de adestramento ou competición pechadas ou coutadas, deberán asegurar esta presenza noutros soportes alternativos (instalacións do club, carpas, village, etc....).

h) Paneis/Traseiras de prensa utilizadas para as roldas de prensa (sexa en local pechado ou no espazo destinado á competición).

i) Melloras. Soportes publicitarios non obrigatorios. As entidades poderán presentar unha proposta de melloras tendo en conta que NON se valoraran os soportes que non están recollidos na seguinte relación:

- Outros equipamentos de competición, paseo/viaxe e/ou adestramento non obrigatorios.
- Leds a pé de cancha e/ou videopantais.
- Lonas publicitarias de 3x1 a maiores das dúas obrigatorias.
- Soportes de canastras, postes de voley, postes de gol de rugby.
- Cadeira de rodas.
- Canoa/kayak/piragüa/bote.
- Remolque.
- Traíñeira.
- Carpa.
- Alcance/seguimento das redes sociais Facebook, Twitter e Instagram.

j) A maiores, deberá incluírse a imaxe corporativa de ABANCA, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras, nos seguintes soportes DAS CATEGORÍAS DE BASE:

- Equipamentos oficiais de competición dos diferentes equipos das categorías de base, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras. Neste soporte publicitario, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:
 - Parte traseira da camiseta, enriba do número en grande.
 - Parte traseira da camiseta, debaixo do número en grande.
 - Parte dianteira da camiseta no centro da mesma en grande.

No caso de equipacións sen número, establécense como espazos preferentes para a inclusión da imaxe os seguintes e por esta orde:

- Parte traseira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.
- Parte dianteira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.

De non ser posible incluír a imaxe corporativa do Plan nalgún dos soportes sinalados anteriormente, debido a limitacións regulamentarias da competición, deberá xustificarse axeitadamente e incluír a imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos.

4.3. Responsabilidades:

En todas as liñas de patrocinio, a Entidade responsabilízase de:

- a) Actualizar os soportes e elementos onde se fixa a imaxe corporativa ao fin de que se cumpran os manuais de identidade establecidos no marco deste Plan de patrocinio.
- b) Manter sempre en perfecto estado os soportes publicitarios comprometidos no correspondente patrocinio.
- c) Responder das consecuencias que se puideran derivar para a Fundación Deporte Galego e para os seus patrocinadores da realización dos presentes convenios en condicións de ilegalidade ou de incumprimento da lexislación vixente nesta materia.

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, pola Entidade, de acordo co establecido entre as partes nos presentes acordos. Toda a publicidade estática, material impreso, elemento ou activo serán producidos pola Entidade, cos contidos proporcionados pola Fundación, sendo por conta da Entidade os gastos de adaptación, produción, transporte, instalación e mantemento en perfectas condicións de percepción óptica.

Os equipos participarán, ademais, nas actividades organizadas no marco do Plan e en actividades promocionais dos patrocinadores do plan.

A entidade comprométese a comunicar no prazo máximo de 5 días desde a obtención do resultado, os máis importantes acadados en competicións nacionais e internacionais a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal

Asemade, a entidade comunicará con unha semana de antelación, a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal a celebración de competicións, eventos de relevancia, ou actos públicos e de comunicación relativos ao equipo patrocinado.

A Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente os seus adestradores e xogadores, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan. A Fundación comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan nas que deban participar os adestradores e xogadores, quenes deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

4.4. Imaxe do plan.

As entidades están obrigadas á utilización dos logos vixentes de XUNTA DE GALICIA-DEPORTE GALEGO-XACOBEO e ABANCA.

5. Vixencia dos patrocinios.

O prazo de vixencia de cada un dos convenios estenderase entre a data de sinatura dos mesmos e o 30 de novembro de 2021.

6. Documentación a presentar polas Entidades.

6.1. Forma de presentación.

A Fundación remitiralle un correo electrónico á entidade obxecto de patrocinio, ao email correspondente facilitado pola respectiva Federación Deportiva Galega, cursando invitación para a presentación da solicitude de patrocinio acompañando o texto da convocatoria.

A Entidade invitada a tomar parte no procedemento PR960A, presentará a solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (ANEXO I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

6.2. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6.3. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Escritura ou documento de constitución e/ou modificación, ou estatutos, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) NIF da entidade solicitante
- c) NIF da entidade representante
- d) DNI/NIE da persoa representante
- e) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- g) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

7. Prazo de presentación.

O prazo máximo para a presentación das solicitudes será de 7 días naturais a contar dende a propia data de recepción da invitación. A presentación das proposicións por unha vía diferente á sinalada será causa de rexeitamento ou exclusión.

8. Emenda de erros.

Finalizado o prazo de presentación da documentación, o órgano instructor procederá ao exame da documentación xeral presentada en tempo e forma, en función dos requisitos esixidos. Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarllo ás/os interesadas/os a través dos medios sinalados por estes no apartado do Anexo I “datos para efectos de notificación”, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que a Entidade corrixa ou emende os defectos.

Transcorrido este prazo só se valorarán os expedientes das Entidades que cumpran con todos os requirimentos formais e materiais esixidos.

9. Notificacións.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou

teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento, deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

11. Transparencia e bo goberno.

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

A Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial <https://deporte.xunta.gal/gl/areas-de-traballo> a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as

sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano 2020, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarase con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

12. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.

12.1. Primeira liña: patrocinio liña específica Xunta de Galicia, Deporte Galego e Axencia Turismo de Galicia - Xacobeo.

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para a asignación dos importes dos convenios, estableceranse distintos criterios atendendo á calidade deportiva e mediática do equipo de categoría absoluta/sénior e/ou previa á absoluta e ao seu impacto como elemento de referencia para reforzar a práctica deportiva entre a sociedade. A información para a aplicación destes criterios virá dada polas correspondentes certificacións aportadas polas federacións deportivas ou entidades organizadoras das competicións.

O procedemento para determinar o importe do patrocinio de cada Entidade nesta primeira liña é o seguinte:

12.1.1. Aplicación dos seguintes criterios para os diferentes grupos de patrocinio a cada equipo que cumpra cos requisitos establecidos no punto 2 desta convocatoria:

1. Importe fixo en euros segundo puntuación asignada polo nº de licenzas desa modalidade deportiva en España no ano 2019 en todas as categorías, tomando como referencia os datos oficiais do Consello Superior de Deportes, diferenciando as masculinas das femininas e tendo en conta o nivel da competición (1º, 2º ou 3º en categoría absoluta/sénior e 1º en previa á absoluta).

a) GRUPO 1. Ata 35.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº Licenzas	G1 1º	Fixo €	G1 2º	Fixo €	G1 3º	Fixo €
MAIS DE 500.000	100	35.000	100	30.000	100	26.000
350.001 a 500.000	90	30.000	90	27.500	90	12.000
200.001 A 350.000	80	25.000	80	27.500	80	6.000
100.001 A 200.000	70	22.500	70	16.000	70	4.500
60.001 A 100.000	60	22.500	60	16.000	60	4.000
40.001 A 60.000	50	18.000	50	9.000	50	2.000
20.001 A 40.000	40	18.000	40	5.000	40	1.000
15.001 A 20.000	30	18.000	30	4.000	30	750
10.001 A 15.000	20	10.000	20	2.000	20	750
5.001 A 10.000	10	8.000	10	2.000	10	500
2.001 A 5.000	7,5	7.000	7,5	1.500	7,5	500
1.001 A 2.000	5	6.000	5	1.500	5	250
MENOS DE 1.001	2,5	5.000	2,5	750	2,5	250

b) GRUPO 2. Ata 7.500€ atendendo á seguinte táboa:

Nº Licenzas	G2 1º	Fixo €	G2 2º	Fixo €	G2 3º/Fixo €
MAIS DE 350.000	70	7.500	40	5.000	Non aplica
200.001 A 350.000	60	7.500	30	4.000	Non aplica
100.001 A 200.000	50	7.500	20	3.000	Non aplica
60.001 A 100.000	40	6.000	15	3.000	Non aplica
40.001 A 60.000	30	5.500	10	2.000	Non aplica
15.001 A 40.000	25	5.000	7,5	1.500	Non aplica
10.001 A 15.000	20	4.500	5	1.500	Non aplica
5.001 A 10.000	15	4.000	5	1.500	Non aplica
2.001 A 5.000	10	2.500	2,5	1.250	Non aplica
1.001 A 2.000	5	2.500	2,5	1.250	Non aplica
MENOS DE 1.001	2,5	2.500	0	750	Non aplica

c) GRUPO 3. Ata 7.500€ atendendo á seguinte táboa:

Nº Licenzas	G3 1º	Fixo €	G3 2º	Fixo €	G3 3º/Fixo €
MAIS DE 350.000	70	7.500	40	5.000	Non aplica
200.001 A 350.000	60	7.500	30	4.000	Non aplica
100.001 A 200.000	50	7.500	20	3.000	Non aplica
60.001 A 100.000	40	5.000	15	3.000	Non aplica
40.001 A 60.000	30	5.000	10	2.000	Non aplica
15.001 A 40.000	25	5.000	7,5	1.000	Non aplica
10.001 A 15.000	20	5.000	5	750	Non aplica
8.001 A 10.000	15	5.000	5	750	Non aplica
2.001 A 8.000	10	2.500	2,5	750	Non aplica
1.001 A 2.000	5	2.500	2,5	750	Non aplica

MENOS DE 1.001	2,5	2.500	0	250	Non aplica
----------------	-----	-------	---	-----	------------

d) GRUPO 4. Ata 12.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº Licenzas	G4 1º	Fixo €	G4 2º	Fixo €	G4 3º/Fixo €
MAIS DE 350.000	70	12.000	40	6.000	Non aplica
200.001 A 350.000	60	10.000	30	5.000	Non aplica
100.001 A 200.000	50	9.000	20	4.000	Non aplica
60.001 A 100.000	40	8.000	15	3.000	Non aplica
40.001 A 60.000	30	6.500	10	3.000	Non aplica
15.001 A 40.000	25	5.000	7,5	1.000	Non aplica
10.001 A 15.000	20	5.000	5	750	Non aplica
5.001 A 10.000	15	1.750	5	750	Non aplica
2.001 A 5.000	10	1.500	2,5	750	Non aplica
1.001 A 2.000	5	1.500	2,5	750	Non aplica
MENOS DE 1.001	2,5	1.250	0	250	Non aplica

e) GRUPO 5. Ata 25.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº Licenzas	G5 1º	Fixo €	G5 2º	Fixo €	G5 3º	Fixo €
MAIS DE 350.000	80	25.000	60	10.000	40	10.000
200.001 A 350.000	70	20.000	50	10.000	30	10.000
100.001 A 200.000	60	17.500	40	5.000	20	5.000
60.001 A 100.000	50	10.000	30	4.000	15	4.000
40.001 A 60.000	40	1.500	20	1.500	10	1.500
15.001 A 40.000	25	1.500	10	1.500	5	1.500
10.001 A 15.000	10	1.000	5	1.000	2,5	1.000
5.001 A 10.000	5	1.000	2,5	1.000	2,5	1.000
2.001 A 5.000	2,5	1.000	2,5	1.000	2,5	1.000
1.001 A 2.000	2,5	1.000	2,5	1.000	2,5	1.000
MENOS DE 1.001	2,5	1.000	0	0	0	0

f) GRUPO 6. Ata 4.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº Licenzas	G6 1º	Fixo €	G6 2º/Fixo €	G6 3º/Fixo €
MAIS DE 350.000	40	4.000	Non aplica	Non aplica
200.001 A 350.000	30	3.000	Non aplica	Non aplica
100.001 A 200.000	20	2.000	Non aplica	Non aplica
60.001 A 100.000	15	1.500	Non aplica	Non aplica
40.001 A 60.000	10	1.000	Non aplica	Non aplica
15.001 A 40.000	5	750	Non aplica	Non aplica

10.001 A 15.000	5	750	Non aplica	Non aplica
5.001 A 10.000	2,5	250	Non aplica	Non aplica
2.001 A 5.000	2,5	250	Non aplica	Non aplica
1.001 A 2.000	2,5	250	Non aplica	Non aplica
MENOS DE 1.001	2,5	250	Non aplica	Non aplica

g) GRUPO 7. Ata 4.000€ atendendo á seguinte táboa:

Nº Licenzas	G7 1º	Fixo €	G7 2º/Fixo €	G7 3º/Fixo €
MAIS DE 350.000	60	4.000	Non aplica	Non aplica
200.001 A 350.000	50	3.500	Non aplica	Non aplica
100.001 A 200.000	40	3.000	Non aplica	Non aplica
60.001 A 100.000	30	1.500	Non aplica	Non aplica
40.001 A 60.000	30	1.500	Non aplica	Non aplica
15.001 A 40.000	20	1.500	Non aplica	Non aplica
10.001 A 15.000	20	1.500	Non aplica	Non aplica
5.001 A 10.000	15	1.250	Non aplica	Non aplica
2.001 A 5.000	10	1.000	Non aplica	Non aplica
1.001 A 2.000	5	500	Non aplica	Non aplica
MENOS DE 1.001	5	500	Non aplica	Non aplica

Explicación deste criterio: valorase máis a aquelas entidades de modalidades con maior número de licenzas en España, dado que isto implica un maior número de seguidores practicantes e afeccionados e polo tanto un maior seguimento da presenza publicitaria. O nivel da competición determina se a Entidade patrocinada conta cun equipo na primeira, na segunda o na terceira categoría a nivel estatal da súa modalidade deportiva. A repercusión mediática dos equipos de competicións con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos é superior aos de primeira categoría de competicións con sistema de liga regular á que se accede por inscrición, aos de categoría única con sistema de clasificación por ránking con acceso por inscrición e aos de segunda.

- Xornadas fase regular na tempada 2020/2021 (Só se computarán as xornadas nas que compita o equipo durante toda a fase regular. Así mesmo, cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computará coma unha xornada):

a) GRUPO 1. Ata 40 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MAIS	40
DE 24 A 29	35

DE 20 A 23	30
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

b) GRUPO 2. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MAIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

c) GRUPO 3. Ata 100 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MAIS	100
DE 25 A 29	90
DE 20 A 24	80
DE 15 A 19	70
DE 10 A 14	30
DE 6 A 9	15
DE 3 A 5	5

d) GRUPO 4. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MAIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

e) GRUPO 5. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MAIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

f) GRUPO 6. Ata 30 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MAIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 15 A 19	15
DE 10 A 14	10
DE 6 A 9	7,5
DE 3 A 5	5

g) GRUPO 7. Non aplica.

Explicación deste criterio: valorase con maior puntuación ás entidades con equipos participantes en ligas regulares de máis xornadas pola atención mediática que isto suscita.

3. Deportistas participantes do equipo de forma simultánea no espazo de competición:

a) GRUPO 1. Ata 150 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º DEPORTISTAS	PUNTOS
14 OU MAIS	150
11 A 13	110
5 A 10	30
0 A 4	15

b) GRUPO 3. Ata 150 puntos atendendo á seguinte táboa:

N.º DEPORTISTAS	PUNTOS
14 OU MAIS	150
11 A 13	75
5 A 10	20

0 A 4	5
-------	---

c) GRUPOS 2, 4, 5, 6, 7. Non aplica.

Para a valoración deste criterio tomarase de referencia o regulamento da competición onde se garanta a obrigatoriedade de participación simultánea no espazo de competición dun mínimo de deportistas en cada unha das competicións que conforman a liga ou ránking na que participe o equipo obxecto de patrocinio. No caso de que se garanta esta participación, tomarase como referencia para a valoración o número de participantes da proba na que se obrigue a participar a menos deportistas.

Explicación deste criterio: ao igual que acontece co criterio de número de xornadas de fase regular, o número de deportistas que compiten de forma simultánea é un criterio que debe diferenciar e valorar en maior medida aquelas modalidades que contan con máis deportistas competindo ao mesmo tempo, dado que isto implica un maior número de presenzas publicitarias á vez no mesmo espazo de competición, tendo en conta que cada deportista levará na súa equipación a imaxe corporativa do Plan de patrocinio.

4. Clasificación final na tempada 2019/2020. Valoraranse os resultados dos equipos que na tempada 2019/2020 participaron en competicións do 1º máximo nivel de categoría absoluta dentro da súa modalidade/especialidade.

a) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 5. Ata 5 puntos atendendo á seguinte táboa:

PARTICIPACIÓN	POSTO	PUNTOS
COMPETICIÓN COA PARTICIPACIÓN DE MÁIS DE 15 EQUIPOS	3º A 5º	5

b) GRUPOS 6, 7. Non aplica.

Explicación deste criterio: a presenza nos medios de comunicación é maior cando se trata de equipos que conseguiron estar nos postos máis altos da clasificación.

5. Títulos de campión/subcampión en categoría absoluta/senior nos últimos 5 anos (dende a tempada 2015-2016 ata a tempada 2019/2020) se o equipo de categoría senior/absoluto compite na tempada 2020/2021 na máxima categoría estatal:

a) GRUPO 1. Ata un máximo acumulado de 275 puntos totais (máximo de 150 puntos en competicións mundiais/europeas, máximo de 125 puntos en competicións estatais) atendendo á seguinte táboa:

TÍTULOS MUNDO/EUROPA (*)	PUNTOS	TÍTULOS ESTATAIS (**)	PUNTOS
-----------------------------	--------	--------------------------	--------

CAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	100	CAMPIÓN 1ª MÁX. COMPET.	50
CAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	75	CAMPIÓN 2ª MÁX. COMPET.	20
SUBCAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	75	SUBCAMPIÓN 1ª MÁX. COMPET.	30
SUBCAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	50	SUBCAMPIÓN 2ª MÁX. COMPET.	10
CAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	75		
CAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	50		
SUBCAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	50		
SUBCAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	25		

(*) Valoraranse as competicións ás cales se accede a través da clasificación obtida nas competicións obxecto de patrocinio.
(**) Terán consideración de 1ª Máxima Competición aquelas que son obxecto de patrocinio no seu 1º máximo nivel de categoría absoluta/senior estatal (liga, ranking/clasificación por equipos) e de 2ª Máxima Competición as Copas, Supercopas ou similares vinculadas ás de 1ª Máxima Competición.

Quedarán exentas de valoración as probas consideradas como Campionatos de España, Copas de España, Copas do Rei ou da Raiña ou similares que puntúan para á clasificación final da liga ou do ranking/clasificación por equipos das competicións obxecto de patrocinio.

Tamén quedarán exentos de valoración os títulos obtidos en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con menos de 5 deportistas en cancha e con menos de 5 xornadas.

Só se terán en conta os resultados das tempadas onde a clasificación final da liga regular ou ranking/clasificación por equipos se obtieña unicamente polos resultados dos deportistas de categoría senior.

b) GRUPO 2. Ata un máximo acumulado de 130 puntos totais (máximo de 70 puntos en competicións mundiais/europeas, máximo de 60 puntos en competicións estatais) atendendo á seguinte táboa:

TÍTULOS MUNDO/EUROPA (*)	PUNTOS	TÍTULOS ESTATAIS (**)	PUNTOS
CAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	50	CAMPIÓN 1ª MÁX. COMPET.	40
CAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	40	CAMPIÓN 2ª MÁX. COMPET.	25
SUBCAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	40	SUBCAMPIÓN 1ª MÁX. COMPET.	30
SUBCAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	30	SUBCAMPIÓN 2ª MÁX. COMPET.	15
CAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	25		
CAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	20		
SUBCAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	20		
SUBCAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	15		

(*) Valoraranse as competicións ás cales se accede a través da clasificación obtida nas competicións obxecto de patrocinio.

(**) Terán consideración de 1ª Máxima Competición aquelas que son obxecto de patrocinio no seu 1º máximo nivel de categoría absoluta/senior estatal (liga, ranking/clasificación por equipos) e de 2ª Máxima Competición as Copas, Supercopas

ou similares vinculadas ás de 1ª Máxima Competición.

Quedarán exentas de valoración as probas consideradas como Campionatos de España, Copas de España, Copas do Rei ou da Raiña ou similares que puntúan para á clasificación final da liga ou do ranking/clasificación por equipos das competicións obxecto de patrocinio.

Tamén quedarán exentos de valoración os títulos obtidos en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con menos de 5 deportistas en cancha e con menos de 5 xornadas.

Só se terán en conta os resultados das tempadas onde a clasificación final da liga regular ou ranking/clasificación por equipos se obteña unicamente polos resultados dos deportistas de categoría senior.

- c) **GRUPOS 3, 4, 5. Ata un máximo acumulado de 130 puntos totais (máximo de 70 puntos en competicións mundiais/europeas, máximo de 60 puntos en competicións estatais) atendendo á seguinte táboa:**

TÍTULOS MUNDO/EUROPA (*)	PUNTOS	TÍTULOS ESTATAIS (**)	PUNTOS
CAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	30	CAMPIÓN 1ª MÁX. COMPET.	20
CAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	15	CAMPIÓN 2ª MÁX. COMPET.	15
SUBCAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	15	SUBCAMPIÓN 1ª MÁX. COMPET.	15
SUBCAMPIÓN MUNDO/EUROPA 1ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	10	SUBCAMPIÓN 2ª MÁX. COMPET.	10
CAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	15		
CAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	10		
SUBCAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. OLIMP/PARALIMP	10		
SUBCAMPIÓN EUROPA 2ª MÁX. COMPET. NON OLIMP/PARALIMP	5		

(*) Valoraranse as competicións ás cales se accede a través da clasificación obtida nas competicións obxecto de patrocinio.

(**) Terán consideración de 1ª Máxima Competición aquelas que son obxecto de patrocinio no seu 1º máximo nivel de categoría absoluta/senior estatal (liga, ranking/clasificación por equipos) e de 2ª Máxima Competición as Copas, Supercopas ou similares vinculadas ás de 1ª Máxima Competición.

Quedarán exentas de valoración as probas consideradas como Campionatos de España, Copas de España, Copas do Rei ou da Raiña ou similares que puntúan para á clasificación final da liga ou do ranking/clasificación por equipos das competicións obxecto de patrocinio.

Tamén quedarán exentos de valoración os títulos obtidos en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con menos de 5 deportistas en cancha e con menos de 5 xornadas.

Só se terán en conta os resultados das tempadas onde a clasificación final da liga regular ou ranking/clasificación por equipos se obteña unicamente polos resultados dos deportistas de categoría senior.

- d) **GRUPO 6 e 7. Non aplica.**

Explicación deste criterio: este criterio cada ano ten máis valor porque podemos comprobar que a presenza nos medios de comunicación é maior cando se trata de equipos que conseguiron títulos importantes.

6. Nivel das competicións oficiais europeas/mundiais nas que participou ou participa na tempada 2020/2021. Valoraranse as competicións onde estean representados 5 ou máis países e o seu formato sexa de liguilla regular ou

eliminotorias directas con partidos de ida e volta ou en sistema de eliminotorias por sede:

a) GRUPO 1. Ata 250 puntos atendendo á seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
1º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN OLÍMPICA/PARALÍMPICA	250
1º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	200
2º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN OLÍMPICA/PARALÍMPICA	200
2º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	100

b) GRUPO 2. Ata 80 puntos atendendo á seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
1º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN OLÍMPICA/PARALÍMPICA	80
1º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	40
2º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN OLÍMPICA/PARALÍMPICA	40
2º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	20

c) GRUPO 3. Ata 40 puntos atendendo á seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
1º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN OLÍMPICA/PARALÍMPICA	40
1º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	30
2º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN OLÍMPICA/PARALÍMPICA	30
2º MÁXIMO NIVEL COMPETICIÓN NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA	10

d) GRUPOS 4, 5, 6, 7. Non aplica.

Para competicións onde non estean representados 5 ou máis países e o seu formato non sexa de liguilla regular ou eliminotorias directas con partidos de ida e volta ou sistema de rondas eliminotorias por sede, a valoración deste criterio será de 0 puntos.

Explicación deste criterio: o patrocinio publicitario debe ser máis valorado naquelas entidades que teñan equipos que competiran ou compitan fóra de España, ao chegar ao público doutros países e tendo unha maior presenza nos medios de comunicación de Galicia. A esixencia dun número mínimo de países establécese para garantir que a competición teña representatividade internacional.

7. Competición principal da categoría absoluta e/ou previa á absoluta de Deporte Adaptado:

a) GRUPO 1. Ata 250 puntos atendendo á seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
COMPETICIÓN DEPORTE ADAPTADO PATROCINIO GRUPO1 DE 1º NIVEL	250
COMPETICIÓN DEPORTE ADAPTADO PATROCINIO GRUPO1 DE 2º NIVEL	175
COMPETICIÓN DEPORTE ADAPTADO PATROCINIO GRUPO1 DE 3º NIVEL	75

b) GRUPO 5. Ata 100 puntos atendendo á seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
COMPETICIÓN DEPORTE ADAPTADO PATROCINIO GRUPO1 DE 1º NIVEL	100
COMPETICIÓN DEPORTE ADAPTADO PATROCINIO GRUPO1 DE 2º NIVEL	75
COMPETICIÓN DEPORTE ADAPTADO PATROCINIO GRUPO1 DE 3º NIVEL	25

c) GRUPOS 2, 3, 4, 6, 7. Non aplica.

Explicación deste criterio: preténdese reforzar con este criterio a accesibilidade do Plan a toda a cidadanía, tendo como un dos grupos destinatarios principais ás persoas con discapacidade.

8. Deportistas Galegos de Alto Nivel. Por cada Deportista Galego de Alto nivel recoñecido pola Secretaría Xeral para o Deporte no momento de presentación da proposta publicitaria da Entidade e que compita co equipo obxecto de patrocinio de categoría absoluta e/ou previa á absoluta. 1 punto por cada deportista:

a) GRUPO 4. Ata 10 puntos.

b) GRUPOS 1, 2, 3, 5, 6, 7. Non aplica.

Explicación deste criterio: os deportistas son os verdadeiros protagonistas do deporte de alto nivel en Galicia, e máxime aqueles que están recoñecidos oficialmente como Deportistas Galegos de Alto Nivel pola obtención de resultados relevantes.

9. Equipos nos que todos os seus deportistas precisen implementos voluminosos para a competición e que se desprazan dentro da competición co propio deportista, tales como bicicletas, cadeiras de rodas, kayaks, canoas, piraguas, traíñeiras e camións.

a) GRUPO 3, 4, 5, 7. Ata 100 puntos atendendo á seguinte táboa:

IMPLEMENTO	PUNTOS
TRAIÑEIRAS/TRANSPORTE	100

BICICLETAS/TRANSPORTE/CAMIÓN	30
CADEIRAS RODAS/TRANSPORTE	10
KAYAK-CANOA-PIRAGUA-BOTE/TRANSPORTE	10
BICICLETAS/TRANSPORTE	5

b) GRUPOS 1, 2, 6. Non aplica.

Explicación deste criterio: aquelas especialidades deportivas que precisan implementos voluminosos para os seus deportistas son moi atractivos para o público e poden fortalecer aínda máis a presenza publicitaria da imaxe establecida para o Plan.

10. Participación do equipo de categoría senior/absoluta noutras competicións, dentro da mesma especialidade, a maiores da competición principal, que sexan de ámbito estatal con sistema de clasificación por equipos en categoría senior/absoluta, que conte con 7 ou máis xornadas, coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas e cuxa participación non sexa de inscrición libre. (Só se computarán as xornadas nas que teña que competir o equipo. Así mesmo, cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes no mesmo lugar de forma consecutiva, só computará coma unha xornada). A estes efectos non se teñen en conta para valoración aquelas competicións que non se organizaran polo menos unha vez nos últimos 3 anos.

a) GRUPO 5. Ata 200 puntos atendendo á seguinte táboa:

	PUNTOS
COMPETICIÓNS DE MODALIDADES/ESPECIALIDADES OLÍMPICAS/PARALÍMPICAS	200
COMPETICIÓNS DE MODALIDADES/ESPECIALIDADES NON OLÍMPICAS/PARALÍMPICAS	100

b) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 6, 7. Non aplica.

11. Melloras publicitarias. Valorarase a oferta presentada na solicitude tendo en conta o especificado para este apartado no punto 5.2. Prestacións publicitarias:

a) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7. Ata 23,5 puntos atendendo á seguinte táboa:

SOPORTE	PUNTOS
EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS (roupa, mochilas, maleta-bolso viaxe....) (0,5 puntos por cada soporte a maiores dos obrigatorios)	Ata 2,5
LONAS PUBLICITARIAS, LEDS, VIDEOPANTAIAS	Ata 10

(2 puntos por cada soporte a maiores dos obrigatorios)	
OUTROS SOPORTES (canastra, poste voley, poste gol rugby, cadeira rodas, canoa, kayak, piragua, bote, remolque)	1
TRAIÑEIRA	2
CARPA (ata 3 ubicacións) (1 punto por ubicación)	Ata 3
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE	2
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS CARPA 1 UBICACIÓN	2
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS CARPA 2 UBICACIÓN	3
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS CARPA 3 UBICACIÓN	4
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 1 UBICACIÓN	3
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 2 UBICACIÓN	4
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 3 UBICACIÓN	5
TRAIÑEIRA MÁIS REMOLQUE	3
TRAIÑEIRA MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 1 UBICACIÓN	4
TRAIÑEIRA MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 2/3 UBICACIÓN	5
Nº DE VISITAS/SEGUIDORES EN WEB E REDES SOCIAIS	Ata 5

Explicación deste criterio: con este criterio preténdese valorar aos equipos que oferten unha maior presenza publicitaria ca establecida como obrigatoria pola Fundación.

12.1.2. No caso de que unha Entidade teña varios equipos que cumpran cos requirimentos para ser obxecto deste patrocinio efectuaráselle unha baremación por equipo.

12.1.3. Unha vez aplicados todos os criterios de valoración e obtida unha puntuación para cada equipo procederáse a sumar as puntuacións totais de todos os equipos.

12.1.4. Seguidamente, divídese o importe total do orzamento sobranste, tras a asignación dos importes fixos do criterio 1 establecido para esta liña de patrocinio, entre o sumatorio de todos os puntos obtidos polos equipos, resultando deste xeito unha valoración económica para cada punto.

12.1.5. Finalmente, multiplícase o valor do punto polos puntos obtidos por cada equipo, resultando o importe por puntos para cada equipo.

12.1.6. Aplicación de reducións: dado o descenso de actividade competitiva e do nivel de exposición das marcas debido á incerteza xerada e o imprevisible das medidas adoptadas polos organizadores das competicións, aplicaráselles aos equipos unha redución porcentual no importe fixo e no total de puntos acadados polos criterios de valoración en función dos seguintes supostos:

- Un 30% no caso de suspenderse de forma definitiva a competición para o exercicio 2021 e non haberse celebrado ningunha xornada.
- Un 20% no caso de suspenderse de forma definitiva a competición para o exercicio 2021 e terse celebradas só 1 ou 2 xornadas.
- Un 10% no caso de suspenderse de forma definitiva a competición para o exercicio 2021 e terse celebrado 3 ou máis xornadas sen chegar a disputarse o calendario completo.
- Un 30% para os equipos que accedan polo grupo 7 e que no exercicio 2021 non se dispute o Campionato de España Absoluto por equipos/clubs.

12.1.7. O importe total desta liña para cada equipo, despois de aplicar as penalizacións, será o sumatorio do importe fixo do criterio 1 e do importe acadado por puntos.

12.1.8. No suposto de que algún equipo non aceptara o patrocinio, recalcularanse os importes finais dos convenios mediante a nova aplicación do procedemento sinalado anteriormente ao resto dos equipos.

12.2. Segunda liña: patrocinio liña específica ABANCA.

Nesta segunda liña do Plan de patrocinio, ademais dos criterios que avalían o peso publicitario dos equipos de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto de patrocinio de cada entidade, gañan presenza os criterios que valoran as categorías base.

Por tal motivo, o procedemento para determinar o importe do patrocinio de cada Entidade que cumpre cos requisitos para ser tamén patrocinada con cargo á segunda liña é o seguinte:

12.2.1. Aplicación dos seguintes criterios a cada entidade/equipo en relación ás prestacións publicitarias establecidas para ABANCA:

1. Importe fixo en euros, resultante de aplicar a porcentaxe do importe asignado a cada equipo no criterio 1 da primeira liña de patrocinio para cada grupo (obtida sobre o orzamento total para cada grupo da 1ª liña de patrocinio) sobre o orzamento total do patrocinio desta segunda liña para cada grupo.
2. Eventos e actividades: Relevancia en canto ao ámbito, consolidación e tipo dos eventos deportivos e actividades organizadas polas entidades:
 - a) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7. Ata 5 puntos.

Se unha mesma entidade ten varios equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta que sexan patrocinados nesta segunda liña de patrocinio, en relación a este criterio de eventos e actividades, os puntos que lle

correspondería a cada equipo dividirse entre o número de equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta. Se asociamos os eventos e as actividades organizados pola entidade a cada equipo estaríamos multiplicando a valoración dun mesmo soporte publicitario, a pesar de que a prestación só se efectúa unha soa vez.

3. Deporte base e deporte adaptado a maiores do equipo de categoría senior e/ou previa á absoluta.

a) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7. Ata 100 puntos.

1. Tomamos como referencia a entidade con máis licenzas certificadas de categorías base e/ou deporte adaptado, que obterá 100 puntos.
2. Multiplícase o número de licenzas das categorías base e/ou deporte adaptado de cada equipo por 100 e divídese polas licenzas do equipo que máis teña.
3. Destas operacións resulta a puntuación de cada entidade neste criterio.

Se unha mesma entidade ten varios equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta que sexan patrocinados nesta segunda liña de patrocinio, en relación a estes criterios de deporte base e deporte adaptado, os puntos que lle correspondería a cada equipo dividirse entre o número de equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta, se comparten a base. Salvo que se sinale o contrario expresamente na proposta de cada entidade, o deporte base é da Entidade, non do equipo, polo que se asociamos o deporte base da entidade a cada equipo estaríamos multiplicando a valoración dun mesmo soporte publicitario, a pesar de que a prestación só se efectúa unha soa vez.

4. Proposta de melloras publicitarias. Valorarase a oferta presentada na solicitude tendo en conta o especificado para este apartado no punto 4.2. Prestacións publicitarias.

a) GRUPOS 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7. Ata 23,5 puntos atendendo á seguinte táboa:

SOPORTE	PUNTOS
EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS (roupa, mochilas, maleta-bolso viaxe....) (0,5 puntos por cada soporte a maiores dos obrigatorios)	Ata 2,5
LONAS PUBLICITARIAS, LEDS, VIDEOPANTAIAS (2 puntos por cada soporte a maiores dos obrigatorios)	Ata 10
OUTROS SOPORTES (canastra, poste voley, poste gol rugby, cadeira rodas, canoa, kayak, piragua, bote, remolque)	1
TRAIÑEIRA	2
CARPA (ata 3 ubicacións) (1 punto por ubicación)	Ata 3
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE	2

CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS CARPA 1 UBICACIÓN	2
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS CARPA 2 UBICACIÓNS	3
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS CARPA 3 UBICACIÓNS	4
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 1 UBICACIÓN	3
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 2 UBICACIÓNS	4
CANOA/KAYAK/PIRAGUA/BOTE MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 3 UBICACIÓNS	5
TRAIÑEIRA MÁIS REMOLQUE	3
TRAIÑEIRA MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 1 UBICACIÓN	4
TRAIÑEIRA MÁIS REMOLQUE MÁIS CARPA 2/3 UBICACIÓNS	5
Nº DE VISITAS/SEGUIDORES EN WEB E REDES SOCIAIS	Ata 5

12.2.2. No caso de que unha Entidade teña varios equipos que cumpran cos requirimentos para ser obxecto de patrocinio efectuaráselle unha baremación por equipo, salvo as excepcións sinaladas anteriormente en relación ao deporte base e aos eventos e actividades.

12.2.3. Sumatorio das puntuacións acadadas nos criterios de valoración deste apartado e sumatorio das puntuacións totais finais acadadas no apartado 12.1) descontando a puntuación do criterio de melloras publicitarias.

12.2.4. Unha vez aplicados todos os criterios de valoración e obtida unha puntuación para cada equipo, procederáse a sumar as puntuacións totais de todos os equipos.

12.2.5. Seguidamente, divídese o importe total do orzamento sobranante, tras a asignación dos importes fixos do criterio 1 establecido para esta liña de patrocinio, entre o sumatorio de todos os puntos obtidos polos equipos, resultando deste xeito unha valoración económica para cada punto.

12.2.6. Finalmente, multiplícase o valor do punto polos puntos obtidos por cada equipo, resultando o importe por puntos para cada equipo.

12.2.7. Aplicación de reducións: dado o descenso de actividade competitiva e do nivel de exposición das marcas debido á incerteza xerada e o imprevisible das medidas adoptadas polos organizadores das competicións, aplicaráselles aos equipos unha redución porcentual no importe fixo e no total de puntos acadados polos criterios de valoración en función dos seguintes supostos:

- Un 30% no caso de suspenderse de forma definitiva a competición para o exercicio 2021 e non haberse celebrado ningunha xornada.
- Un 20% no caso de suspenderse de forma definitiva a competición para o exercicio 2021 e terse celebradas só 1 ou 2 xornadas.

- Un 10% no caso de suspenderse de forma definitiva a competición para o exercicio 2021 e terse celebrado 3 ou máis xornadas sen chegar a disputarse o calendario completo.
- Un 30% para os equipos que accedan polo grupo 7 e que no exercicio 2021 non se dispute o Campionato de España Absoluto por equipos/clubs.

12.2.8. O importe total desta liña para cada equipo, despois de aplicar as penalizacións, será o sumatorio do importe fixo do criterio 1 e do importe acadado por puntos.

12.2.9. No suposto de que algunha das entidades non aceptara o patrocinio, recalcularanse os importes finais dos convenios mediante a nova aplicación do procedemento sinalado anteriormente ao resto dos equipos, sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

12.3. Importe patrocinio total.

Como se indicou anteriormente, unha entidade/equipo pode optar só ao patrocinio da primeira liña ou das dúas liñas, en función de se cumpre ou non cos requirimentos esixidos para a segunda liña.

No caso das entidades que cumpran cos requirimentos para o patrocinio de ámbalas dúas liñas sumarán os importes correspondentes á valoración de cada unha delas, que será a cantidade que se reflectirá no convenio.

12.3.1. Aplicación de límite máximo nas cantidades a percibir:

- **GRUPO 4:**
 - x Nas competicións de 1º máximo nivel onde a clasificación está conformada por máis de 20 equipos, o importe máximo a percibir será de 3.500€ se nos últimos 5 anos (tempadas 15-16 a 19-20) non tivesen acadado ningún posto de campión ou subcampión.
 - x Nas competicións de 2º máximo nivel onde os grupos están conformados por máis de 20 equipos, o importe máximo a percibir será de 2.500€.
- **GRUPO 5:**
 - x En ligas ou ranking/clasificacións por equipos coa presenza de máis de 15 participantes, onde non se establece regulamentariamente a participación nun número mínimo de xornadas/probas/campionatos, aqueles equipos que non xustifiquen ter participado no exercicio 2020 en polo menos 3 das xornadas/probas/campionatos que a conforman, o importe máximo a percibir será de 2.500€.

- x En ligas ou ranking/clasificacións por equipos coa presenza de máis de 15 participantes, onde non se establece regulamentariamente a participación nun número mínimo de xornadas/probas/campionatos, aqueles equipos que non xustifiquen ter participado no exercicio 2020 en polo menos 6 das xornadas/probas/campionatos que a conforman, o importe máximo a percibir será de 8.000€.
- x En ligas ou ranking/clasificación por equipos de deporte adaptado coa presenza de menos de 15 equipos, onde non se establece regulamentariamente a participación nun número mínimo de xornadas/probas/campionatos, aqueles equipos que non xustifiquen ter participado en 2020 en polo menos 6 das xornadas/probas/campionatos que a conforman, o importe máximo a percibir será de 8.000€.

13. Resolución do patrocinio.

O director xerente da Fundación trasladará un informe coas cantidades correspondentes a cada entidade segundo os criterios establecidos no Plan ao Padroado da Fundación Deporte Galego para que este resolva.

O prazo máximo para notificar a resolución expresa non poderá exceder dos tres meses, a contar dende a entrada da solicitude no rexistro electrónico. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude.

14. Aceptación do patrocinio.

Trala resolución dos patrocinios, as entidades patrocinadas, disporán dun prazo de 3 días hábiles a contar desde o mesmo momento da publicación da resolución para aceptar o patrocinio. Se neses 3 días hábiles non hai pronunciamento, enténdese ACEPTADO.

No caso de que sendo obxecto das diferentes dúas liñas de patrocinio, algunha entidade quixera renunciar á totalidade do patrocinio ou só á liña específica de ABANCA, deberá comunicalo igualmente neste prazo accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O anterior, entenderase sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

15. Nova resolución se algunha entidade renunciara ao patrocinio.

Se se dera o caso de que algunha Entidade non aceptara a totalidade do patrocinio ou a liña específica de ABANCA, efectuaríase unha segunda resolución

incorporando de novo ao reparto o crédito dos patrocinios aos que renunciaron as entidades e redistribuíndoo de novo entre os equipos que si aceptaran.

O anterior, entenderase sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

16. Formalización do patrocinio.

Os patrocinios asinaranse pola Fundación con cada unha das entidades. As entidades que contén con máis dun equipo patrocinado, deberán formalizar un convenio por cada un.

17. Fórmula de pago.

O importe de cada convenio será abonado pola Fundación en dous prazos:

O 80% do importe total unha vez asinado o convenio, recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter realizados e utilizados os soportes publicitarios esixidos para o cumprimento do convenio (Anexo II) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2021 (80%)”.

O 20% restante aboarase a partir do 30 de novembro de 2021, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio en curso (ata 30 de novembro) e unha vez presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade con data obrigada de 30 de novembro do 2021, acompañada da correspondente declaración responsable e xustificación gráfica do cumprimento das obrigas (Anexo III) e da memoria que comprenda o conxunto das actividades obxecto de patrocinio realizadas pola Entidade (Anexo IV). Asemade, deberá acompañar declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo V). Finalmente, será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a

Entidade ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2021 (20%)”.

A data límite para presentar toda a documentación relativa aos dous prazos de xustificación e pagamento será o 15 de decembro do 2021. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

Os documentos relativos á xustificación dos dous prazos (Anexo II e Anexo III), á memoria de actividade (Anexo IV) e á declaración responsable doutras axudas (Anexo V), están dispoñibles na sede electrónica para o procedemento PR960A en cada unha das súas convocatorias. Para a súa presentación, utilizaranse os medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e utilizando os modelos normalizados para facilitar a realización dos trámites, indicando o código PR960A e o órgano responsable do procedemento (FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO), o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

18. Emenda da documentación xustificativa.

No caso de que a documentación xustificativa presentada ata o 15 de decembro de 2021 non fose suficiente, a Fundación fará un único requirimento, con un prazo máximo de 10 días de reposición e que se poñerá á disposición da persoa interesada a través do Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia, Notifica.gal.

Se pasado o prazo establecido a entidade non presentara a documentación requirida, esta perderá o dereito ao cobro das cantidades pendentes de xustificar.

19. Penalizacións.

As entidades con equipos patrocinados están obrigadas ao estrito cumprimento das obrigas adquiridas en virtude do convenio suscrito coa Fundación e do plan de patrocinio que lle serve de base, véndose tamén obrigadas a comunicar de forma inmediata á Fundación calquera circunstancia que afecte ao exacto cumprimento das prestacións ás que se obriga.

Se o incumprimento das obrigas vén motivado por non poder participar na competición pola que é beneficiario debido á non inscrición do equipo ou pola desaparición da entidade ou polo abandono da competición principal do seu equipo sénior e/ou de categoría previa á absoluta, a entidade perderá o dereito ao cobro das cantidades pendentes de abono e estará obrigada a devolver os fondos percibidos, procedéndose ademais á resolución automática do convenio.

Nos restantes supostos de incumprimento motivados pola imposibilidade da entidade de cumprir coas obrigas publicitarias contraídas coa subscripción do

convenio, á Fundación poderá optar por outras alternativas publicitarias diferentes ás inicialmente acordadas ou pola redución proporcional do patrocinio, podéndose derivar nestes supostos á obriga de devolver os fondos percibidos do importe pagado en exceso se, efectuado algún pago antes do incumprimento, o novo patrocinio resultante fora inferior ao inicialmente acordado.

20. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.

Serán causas de resolución as seguintes:

- Obtención do patrocinio falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do proxecto que fundamenta a formalización do convenio.
- Non estar inscrito como equipo finalmente na competición pola cal accede ao patrocinio.
- Se o equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto do patrocinio abandona a competición principal antes de calquera dos prazos de pago ou desaparece a entidade.
- Non ter participado, como equipo do grupo 4 ou 5, fora da Comunidade Autónoma de Galicia en polo menos tres das xornadas/probas/campionatos que conforman a competición de máximo nivel en categoría absoluta/senior e/ou previa á absoluta pola cal acceden ao plan de patrocinio cando estas sexan ou poidan ser de desenvolvemento estatal.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación que efectúe a Fundación en relación ao cumprimento do establecido no correspondente convenio e neste Plan.
- Resultar inviable a realización de todas as actuacións descritas neste Plan por causas non imputables ás Partes.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita anti-dopaxe, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade e todos os seus membros (directivos, corpo técnico, deportistas, etc....) obríganse a cumprir coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita anti-dopaxe en orde á permanente localización e sometemento dos/as deportistas aos controis antidopaxe que ditas autoridades consideren oportuno establecer, tanto dentro como fóra de competición.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade fará todo o que estea nas súas mans para garantir que todos os seus directivos, socios, abonados, corpo técnico, deportistas, etc.... cumplan coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.

- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros da normativa en materia de protección integral contra a violencia de xénero, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio.

21. Actuacións de control por parte da Fundación.

As entidades que formalicen o convenio ou convenios de patrocinio, deberán facilitar toda a información solicitada e someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

22. Información para os patrocinadores.

As entidades que accedan ás diferentes liñas de patrocinio autorizan á Fundación a facilitarlle ao patrocinador que corresponda a información relativa á denominación e domicilio da entidade, ao detalle dos soportes publicitarios nos que incluirá a imaxe do patrocinador segundo as prestacións publicitarias establecidas, así como ao importe correspondente á liña de patrocinio.